

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EN EMPRESAS DE ESTUDANTES DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA

As prácticas ocupan un lugar destacado naquelas titulacións e programas nos que se recoñece a necesidade de ofrecer unha formación na que se combinen os compoñentes teóricos e prácticos, e nos que se considera que a aprendizaxe práctica e fundamental para acadar un perfil profesional axeitado.

Polo tanto, cómpre abordar a organización deste compoñente formativo, establecendo aquelas consideracións, principios e criterios que permitan a estudantes da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña realizar estadias de carácter práctico en centros de traballo de determinadas empresas e institucións.

1.- OBXECTIVOS DO REGULAMENTO

1.1. Este documento propónse establecer as condicións básicas que permitan a estudantes da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña (en adiante, o Centro) realizar estadias de carácter práctico (en adiante, prácticas) en centros de traballo de determinadas empresas ou institucións (en adiante, a Empresa).

1.2. As prácticas teñen por obxectivo permitir aos estudantes a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos na súa formación académica e facilitar a súa posterior incorporación ao mercado de traballo. Deben ter sempre un carácter formativo, polo que non supoñerán a cobertura de ningún posto de traballo na empresa que oferta a práctica.

1.3. En todo caso, das prácticas non se derivará relación laboral, contractual ou estatutaria dos estudantes coa Universidade nin coa Empresa.

2.- CONDICIÓNS XERAIS

2.1. Este Regulamento queda acollido ao R.D. 1707/2011, de 10 de decembro de 2011, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e no marco do Regulamento sobre a libre elección, aprobado polo Consello de Goberno da UDC o 31 de maio de 2005.

2.2. As prácticas realizaranse ao amparo de Convenios de Colaboración que desenvolvan un Programa de Cooperación Educativa e sexan suscritos entre as empresas e a Universidade da Coruña (en adiante, UDC).

2.3. As prácticas académicas externas terán dúas modalidades, curriculares e extracurriculares. As primeiras son actividades académicas integrantes do Plano de Estudos de que se trate. As segundas refírense a prácticas voluntarias que serán contempladas no Suplemento Europeo ao Título.

2.4. Durante as prácticas, os estudantes que as realicen estarán cubertos polo seguro escolar correspondente á súa matriculación na UDC e por un seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

3.- REQUISITOS DOS ESTUDANTES PARA PODER OPTAR ÁS PRÁCTICAS

3.1. Poderán realizar prácticas académicas externas curriculares:

Os estudantes que estean matriculados na materia vinculada, segundo o plano de estudos de que se trate.

3.2. Poderán realizar prácticas académicas externas extracurriculares:

a) Os estudantes matriculados en calquera titulación do Centro que teñan superado, polo menos, un 50% dos créditos totais correspondentes á titulación que estean cursando, e que non teñan cubertos os créditos de libre elección de cada titulación.

b) Os alumnos que, a maiores dos requisitos do apartado anterior, cumpran os especificados nas respectivas convocatorias publicadas polo Centro.

3.3. O Centro unicamente terá a obriga de cubrir a oferta das prácticas externas curriculares establecidas como obrigatorias nos Plans de Estudos das respectivas titulacións.

4.- ORGANIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

4.1. A Subcomisión de prácticas en empresas (en adiante Subcomisión), e o órgano colexiado encargado de velar polo correcto desenvolvemento da práctica e, polo tanto, da aplicación do presente regulamento. A Subcomisión será nomeada pola Comisión Académico-Docente, e presidida polo Coordinador do programa.

4.2. O Coordinador será o encargado de establecer os contactos coas empresas e institucións e definir os contidos das actividades que desenvolverán os alumnos no seu plan de prácticas.

4.3. A Subcomisión nomeará os profesores tutores das prácticas que correspondan para dirixir e supervisar o desenvolvemento das mesmas, co fin de facilitar o seu cumprimento.

4.4. A Subcomisión elaborará un impreso modelo de avaliación que se enviará aos tutores das empresas e institucións para valorar posteriormente o grao de aproveitamento da práctica por parte dos alumnos.

4.5. Sobre a base dos informes da empresa ou institución, do profesor tutor, e da Memoria elaborada polo estudante, a Subcomisión cualificará ao estudante. A ponderación dos informes na nota final, así como a súa equivalencia en créditos ECTS, seguirá as directrices especificadas nos Planos de Estudos de cada Titulación. As actas coas correspondentes cualificacións, serán firmadas polo Coordinador.

5.- CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS

5.1. As prácticas ofertadas polo Centro deberán ser obxecto de convocatoria pública, con publicidade por medios telemáticos e nos taboleiros habilitados no Centro. No contido da oferta de prácticas deben quedar reflectidos os datos principais das mesmas, e o prazo de solicitude.

5.2. Os estudantes tamén poderán solicitar a realización de prácticas nunha determinada empresa coa aprobación de esta, e a autorización do Centro.

5.3. Os estudantes que realicen as súas prácticas mediante a modalidade de Erasmus en Prácticas, estarán suxeitos ao cumprimento das condicións específicas de dita convocatoria. Igualmente, para que as prácticas teñan recoñecemento como tal (tanto curricular como extracurricular) deberán cumprir con as obrigas xerais establecidas no artigo 7 do presente regulamento.

5.5. Cando unha empresa solicite un estudante concreto, deberá contar coa autorización do Centro.

6.- PROCESO DE SELECCIÓN E VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

6.1. A Subcomisión será a encargada de realizar una preselección entre os estudantes que soliciten as prácticas.

a) No caso de prácticas curriculares, entenderase feita a solicitude ao formalizar a matrícula na materia correspondente.

b) No caso de prácticas extracurriculares, esta solicitude realizarase na convocatoria correspondente ofertada polo centro.

6.2. O proceso de preselección entre aqueles estudantes que reúnan todos os requisitos basearase na nota media ponderada con respecto aos créditos académicos do expediente do estudante, e no cumprimento dos requisitos que previamente fixara a empresa, se os houberse. En dita ordenación darase prioridade a aqueles estudantes que realizan prácticas obrigatorias fronte os que solicitan prácticas voluntarias.

6.3. Darase a oportuna publicidade de dita ordenación por medios telemáticos e nos taboleiros do Centro, abríndose un período de alegacións previo á ordenación definitiva.

6.4. O número de estudantes preseleccionados para cada unha das prácticas ofertadas acordarase, en cada caso, pola Subcomisión, tendo en conta as preferencias das empresas.

6.5. O Centro comunicaralles aos estudantes preseleccionados a súa participación nos procesos de selección, indicándolles a Empresa, o lugar e a data de presentación. A antedita Subcomisión elaborará tamén unha lista de estudantes suplentes cos mesmos criterios do artigo 6.2.

6.6. A empresa seleccionará, entre os estudantes preseleccionados, a aqueles cuxo perfil se adecúe máis ás características da práctica, e indicará a orde das posibles suplencias.

6.7. Se un estudante preseleccionado para a realización de unha práctica rexeita participar nun proceso de selección, sen causa xustificada, quedará excluído para a realización de prácticas durante o resto do ano académico. Se un estudante rexeita unha práctica ou renuncia unha vez aceptada, sen causa xustificada, non poderá ser beneficiario doutra práctica no mesmo curso académico.

6.8. A asignación dun estudante á unha práctica quedará materializada nun anexo ao Convenio referido no artigo 2.2. Este anexo será cumprimentado e asinado polo Coordinador, un representante da Empresa e máis polo estudante. O anexo especificará os datos do estudante que realizará a práctica e as condicións particulares desta, recollendo a lo menos:

- a) Enderezo onde se realizará a práctica.
- b) Data de comezo e finalización.
- c) Horario.
- d) Liña/s de traballo a desenvolver.
- e) Contía da bolsa ou axuda ao estudo, no seu caso.
- f) Nome do titor profesional.
- g) Nome do titor académico.

7.- OBRIGAS DOS ESTUDANTES SELECCIONADOS

7.1. Presentar a documentación que lle sexa solicitada pola UDC ou pola Empresa.

7.2. Cumprir diligentemente as actividades asignadas pola Empresa, de acordo coas liñas de traballo establecidas na convocatoria, e gardar a confidencialidade en relación coa información interna da Empresa.

7.3. Comunicarlle ao titor académico asignado calquera posible incidencia ou reclamación durante a práctica.

7.4. Elaborar unha memoria final das prácticas de acordo cos contidos esixidos pola subcomisión de prácticas.

8.- DURACIÓN DAS PRÁCTICAS

8.1. Nas prácticas externas curriculares a súa duración será a establecida no Plano de Estudos correspondente para cada Titulación.

8.2. No caso de prácticas externas extracurriculares a duración das prácticas para cada estudante será de entre 1 e 5 meses. Durante o período lectivo, as prácticas non excederán de 5 horas diarias nin de 100 horas ao mes, de xeito que se permita a dedicación simultánea aos estudos e ás prácticas.

8.3. No caso de estudantes que rematen os seus estudos no curso académico que realizan as prácticas, estas daranse por rematadas á finalización do período lectivo do curso.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os aspectos non recollidos de forma expresa neste regulamento quedan acollidos a o R.D. 1707/2011, de 10 de decembro de 2011, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento será de aplicación a todas aquelas prácticas que comecen a partir do